

SESIÓN ORDINARIA DE 26 DE OUTUBRO DE 2017

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:10 minutos do día 26 de outubro de 2017 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita e a Interventora, dona Isabel Pernas Sánchez, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D^a María José Martínez Vigo, D^a Tania Díaz Seijas, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D^a Luisa Meilán Lombao, D^a Magdalena Ron Villar e D^a Juana Romero García e, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Dona Begoña Seco Varela e dona Pilar Méndez Lombao incorpóranse no segundo punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Ponse de manifesto aos concelleiros a acta da sesión celebrada o día 13 de xullo de 2017.

Non xurdindo debate neste punto da orde do día, sométese a votación a súa aprobación.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2016

O Alcalde alude ao ditame favorable da Comisión Especial de Contas, así coma ao resultado orzamentario e un remanente de tesourería enormemente positivos.

Así, o resultado orzamentario é de 965.219,57 euros, e o remanente de tesourería de 1.005.609,22 euros, e isto tras pasar por uns anos enormemente difíciles, reducindo a cero a débeda do concello e mantendo uns servizos públicos moi aceptables.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xavier Molinos, recorda que na Comisión Especial de Contas xa anticipou que, para facer efectiva a súa responsabilidade de control da acción de goberno, necesitan acceder aos documentos relativos aos asuntos a tratar e, no presente caso, non se lles entregaron nin os certificados dos saldos das contas bancarias nin os informes de Intervención.

Asemade, preguntaron pola tributación da rede de Gas Natural, o que non puido ser aclarado na Comisión e sí posteriormente pola sra. Interventora.

Tamén aludiuse a unha obriga recoñecida pendente de pago a 31 de decembro de 2010, correspondente ao almacén do ximnasio da casa da cultura. Nese intre o Alcalde afirmou que era un erro que debía ser depurado. Espera que, efectivamente, así fose.

Tamén advertiu duns avais de preto de 700.000 euros correspondentes a un convenio de planeamento con BARCELEURO. Asemade, afirmouse que foi un erro a depurar.

Púxose de manifesto unha suba do IBI do 41%, así coma de un remanente de tesourería de máis de un millón de euros.

Pero no que máis fincapé se puxo foi no retraso no cumprimento dos prazos legais, xa que agora se trae sendo o 26 de outubro, polo que xa é recorrente tendo en conta que ésta é a terceira conta que se trae a aprobación nesta lexislatura e todas se aprobaron fora de prazo. Isto pon de manifesto unha falla de planificación do traballo pola Alcaldía.

A voceira de FLI coincide co exposto polo concelleiro do BNG e insiste no incumprimento reiterado dos prazos legais que esixe unha rectificación do goberno.

Neste intre incorpórase a concelleira dona Begoña Seco Varela.

A voceira de FLI cita o informe da Interventora no que se pon de manifesto a existencia de créditos de dubidoso cobro por importe de 784.495,68 euros, e pide explicacións por isto.

O Alcalde confirma que se someten a aprobación con certo retraso e o xustifica pola carga de traballo que soportan os servizos administrativos.

No que atinxe aos créditos de dubidoso cobro, informa que se trata do importe acumulado dos diferentes ingresos (taxas, impostos... etc), que ao longo dos anos non se cobran en período voluntario e, por diversas razóns, existen dificultades para o seu cobro en vía de constreñimento (insolvencia do debedor, defunción.. etc).

Para o cálculo tense en conta a antigüidade da débeda, xa que canto máis anos ten a débeda máis risco existe de non poder cobrala, o que non significa que non pode ser cobrada.

A eficacia da recadación en vía de constreñimento neste punto é crucial, así coma determinadas circunstancias coma a situación económica xeral, xa que nun contexto de crise existen máis impagamentos.

Don Xavier Molinos diferencia entre o resultado económico, sobre o que non teñen nada que dicir, e outro o respecto á legalidade lendo, neste intre, os apartados 2, 3 e 4 do artigo 212 do TRLHL, nos que se establecen os diferentes prazos para a formulación e aprobación da Conta Xeral, os cales foron todos incumpridos.

Non é unha excusa a carga de traballo, xa que correspóndelle ao Alcalde a organización do traballo para garantir o cumprimento da Lei, e se advirte que nun determinado departamento existe moita carga de traballo, terá que reorganizar o personal municipal.

A voceira de FLI insiste na responsabilidade do Alcalde no incumprimento reiterado dos prazos de rendición das contas, o que é a verdadeira política continuista de este goberno.

O Alcalde afirma que este goberno é continuista xa que é previsible. Os veciños coñecen o que vai facer porque cumpre o que promete, e fai do seu lema “Outeiro, concello de futuro”, acadando un nivel de servizos comparable con calquera concello da provincia, e mesmo da CCAA:

Alédase de que o BNG afirmen que nada teñen que dicir sobor o resultado económico que mostra a Conta Xeral, xa que é isto o que importa neste intre e o que se somete a debate é o resultado da xestión económica do equipo de goberno.

Expresa a súa satisfacción por este resultado extraordinariamente positivo acadouse nun contexto de fortísima crise económica e coa raquítica axuda da Deputación, pese a que a súa razón de ser é, precisamente, axudar aos concellos. E, pese a iso, mantivéronse os servizos públicos e reduciuse a débeda a cero.

Afirma que tratará de render antes as contas, se ben anuncia que a restructuración de persoal é moi difícil xa que tódolos departamentos están cargados de traballo, o que pon de manifesto a dinamicidade do concello.

Espera que, si a oposición non ten nada que alegar en relación á xestión económica municipal, as contas resulten aprobadas por unanimidade.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da conta xeral do exercizo 2016.

Realizada a votación, a conta xeral resulta aprobada con oito votos a favor, e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, FLI e PSdG-PSOE.

3.- APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

O Alcalde defende a seguinte proposta de resolución:

“Tendo en conta o disposto no art. 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 37 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Visto o expediente de modificación de crédito, na súa modalidade de suplemento de crédito e no que consta Informe da Intervención municipal, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito por importe de 619.000,00 €, afectando ás seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE	MODIFICACIÓN
323.622	160.000,00 €	Primeira fase pavimentación aparcadoiro C.E.I.P.	Suplemento de crédito
342.622	30.000,00 €	Iluminación campo de fútbol.	Suplemento de crédito
453.22799	50.000,00 €	Traballos realizados por empresas mantemento vías municipais.	Suplemento de crédito
453.619	239.000,00 €	Proxecto rexeneración camiños municipais.	Suplemento de crédito
453.619	17.000,00 €	Memoria reparación de camiños na parroquia de Bonxe.	Suplemento de crédito

453.619	8.000,00 €	Memoria reparación de camiños na parroquia de Robra.	Suplemento de crédito
453.619	30.000,00 €	Obras de reparación de vías municipais.	Suplemento de crédito
920.22799	50.000,00 €	Administración Xeral.	Suplemento de crédito
943.463	35.000,00 €	Aportacións Mancomunidade Terra Chá.	Suplemento de crédito
TOTAL	619.000,00 €		

A financiación destes novos créditos se realizará con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais do orzamento do exercicio 2016 (concepto 870.00)

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais”.

A voceira do PSdG-PSOE, considera que a contía adicada a reparación de camiños é excesiva, o que é pan para hoxe e fame para mañá, en tanto estas reparacións non durarán máis de un ano ou dous.

Alude ao Plan da Deputación para a rexeneración das vías provinciais, que ten coma finalidade aglomerar os viais provinciais, xa que o aglomerado é moito máis duradeiro e reduce os custes de mantemento. O Concello tería que tomar nota para que o firme aguantase oito anos en vez de un ano.

O voceiro do BNG afirma que este punto da orde do día, onde se pretende unha modificación de crédito financiado con un remanente de crédito de un millón de euros manifesta a incompetencia na xestión económica do Alcalde. Xa que un orzamento de 5.500.000 euros aprobado en xullo de este ano, dos cales 1.500.000 euros é a permanente dotación para a Palloza, e que ten un 25% é de remanentes. Isto xa de por sí invitaría a votar en contra, o que non farán debido a que algunha proposta de gasto que se recolle é importante.

No que se refire aos custes de bacheo, coincide coa voceira do PSdG-PSOE na conveniencia de aglomerar. E expón que preguntoulles a representantes de varias empresas do sector acerca do rego asfáltico e do aglomerado, e dixeron que o rego asfáltico deixaba moito máis marxe que o aglomerado, e que debido a que o rego tiña unha duración moito máis curta, era unha auténtica ruína para os concellos.

De feito, un dobre rego sae pouco máis barato que o aglomerado e un triple rego sae ao mesmo prezo, pese a que a duración do aglomerado é moitísimo maior.

A pesar de iso, o Alcalde segue a empregar rego asfáltico, xa que así, ano tras ano, os veciños o chaman para tapar o bache e, ano tras ano, os mesmos de sempre van a

tápalo nunha contínua sanguía económica que soamente se xustifica en prácticas caciquiles.

A voceira de FLI coincide no exposto polo BNG e recalca que pon de manifesto unha política partidista e que resposta a intereses creados e non aos intereses dos veciños.

Cita ao Informe de Intervención, no que se advirte que a Corporación debe adoptar medidas correctoras de gasto carón ao cumprimento, a 31 de decembro, do principio de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Este informe evidencia, polo tanto, que non se están facendo moi ben as cousas se a Intervención recomenda facer correccións.

O Alcalde sorpréndese que, logo de casi tres anos nesta corporación, os concelleiros non coñezan o que fai o concello, xa que están a falar de tapar baches e estos proxectos son de rexeneración do firme, que son cousas ben distintas, e que non se fan cada ano ou cada dous, xa que unha rexeneración aguanta cinco ou sete anos.

Outra cousa é que se fagan varias rexeneracións ao ano, pero correspondentes a diferentes viais, xa que a rede viaria municipal é moi extensa e un importe coma o aquí reflexado non da nin para unha parroquia.

Non sabe cómo a representante do PSOE pode poñer coma exemplo a Deputación de Lugo, cando a Deputación débelle a este concello máis de dous millóns de euros tras varios anos de goberno absolutamente sectario do partido socialista do sr. Besteiro co apoio do BNG, nos que a este concello unicamente outorgábaselle 24.000 euros ao ano.

Por outra banda, a propia Deputación ten moitas das súas estradas en rego asfáltico. Neste concello unicamente fixéronse dous quilómetros en aglomerado; o tramo que vai dende o límite con Lugo dende o Ceao até Mosteiro, e circular por alí da medo, xa que a vía ten catro metros de anchura e velocidade que se acada co aglomerado é perigosa para esa plataforma.

Por este motivo, o aglomerado debe empregarse en estradas cun mínimo de 5 ou 6 metros, anchura que non ten case ningunha estrada de este concello, xa que este goberno pretende dar un bo servizo a moitos ou a todos, e non un moi bo servizo a uns poucos a custa dos demais.

O estado das estradas en Outeiro é bo e é comparable as de calquera concello da provincia, e dende logo, moito mellor que o das estradas da Deputación nos anos gobernados polo partido sectario do PSdG-PSOE e máis do BNG.

O voceiro do BNG afirma que o tramo de estrada provincial que vai a Mosteiro dalle vergoña, xa que trátase dun aglomerado especial máis caro (microaglomerado) e remata xusto no aparcadoiro do complexo deportivo privado de Mosteiro. A partir de ese punto a estrada provincial parece unha corredoira. Parece que soamente os señoritos de Lugo que van ao ximnasio teñen dereito a ir por unha boa estrada, namentres os restantes veciños da zoa teñen que conformarse cunha estrada de segunda. Parécelle vergoñoso.

Invita ao Alcalde que busque a un técnico que diga que é máis económico rexenerar que aglomerar. É certo que é discutible o ancho necesario para aglomerar, algún din que a partir de 3 metros, outros que 4. O que é indiscutible é que é moito máis económico.

E se ben é certo que debe terse moito coidado con non discriminar entre veciños do concello, tamén o é que non é o mesmo unha estrada con moito tráfico, coma a de Robra ou Silvarrei, que unha pista que vai a un barrio no que hai dúas casas.

Tras esta modificación de crédito restan 400.000 por gastar, o que podería adicarse a aglomerar algunha das pistas principais, xa que daría para máis de 10 quilómetros, o que xa é algo.

O Alcalde insiste en que, por debaixo de certa anchura, non debe colocarse aglomerado.

Por outra banda, se o concello adica os seus recursos a aglomerar, sucedería coma sucede coas estradas provinciais, que ten certos quilómetros aglomerados e nos restantes non se pode circular sen cortar as rodas, e esto non o quere para os veciños de Outeiro de Rei.

O Concello debe prestar os servizos posibles, non os imposibles. Claro que lle gustaría ter no concello estradas de 6 metros e con arcén e carril bici, pero eso non é posible, e si se pretende facer, será a custa de ter as estradas restantes nun estado lamentable.

O problema é que o Concello ten que facer uns 20 ou 30 quilómetros anuais e non hai cartos para facelos con aglomerado, e non soamente polo custe en sí do aglomerado, senón porque habería que ensanchar as estradas e isto tería un custe moito máis elevado.

A voceira de FLI considera que a política do PP é a política da incoherencia, xa que por unha banda dí que escoita aos veciños e, por outra, négase a escoitar aos concelleiros da oposición, que foron votados polo 45% dos veciños de Outeiro. E a súa xestión non será tan boa cando máis do 45% dos veciños están descontentos coa súa xestión de goberno.

O Alcalde afirma que non fará dexaizón das súas funcións, xa que os veciños lles elixiron para gobernar eles, non aos grupos da oposición, motivo polo cal teñen a obriga de sacar adiante as súas iniciativas, non as da oposición, xa que esto sería ir en contra do mandato electoral.

En resposta as afirmacións do voceiro do BNG, di descoñecer qué ten máis marxe, xa que os proxectos fanse en función das necesidades e características do vial, e logo sácanse a licitación, así que se ten máis marxe, tamén terá máis baixa a licitación, xa que o contrato o leva o contratista que faga a mellor oferta.

A voceira do PGsG-PSOE, dille que, coma veciño e coma Alcalde, prefire que arranxen ben as estradas provinciais e sexan transitables a que aglomeren uns quilómetros.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación inicial da modificación de crédito.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, e cinco abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, FLI e PSdG-PSOE.

4.- ACEPTACIÓN DE DELEGACIÓN PARA A CONTRATACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

O Alcade inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

“D José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Actualmente, o servizo de recollida de lixo neste termo municipal estase a prestar mediante o correspondente contrato administrativo de servizos, contrato cuxa vixencia inicial xa expirou, prestándose actualmente baixo o amparo da prórroga contractual.

Consecuentemente, faise necesaria unha nova licitación co gallo de atender de xeito eficiente a prestación de este servizo estratéxico e de prestación obrigatoria (art. 26.1.a) Ley 7/1985, de 2 de abril).

Por outra banda, as necesidades de eficiencia e económica, aconsellan que os servizos públicos se presten coa meirande relación calidade-prezo. Por este motivo, preténdese acudir a unha contratación conxunta do servizo cos concellos limítrofes de Castro de Rei e Begonte a fin de obter a economía de escala propia dunha demanda agregada.

En efecto, a situación de colindancia de estos concellos e a súa dispersión poboacional, aconsellan a súa organización cunha visión espacial supramunicipal, a fin de racionalizar as rutas de recollida ou mantemento e limpeza de contenedores. Asemade, un incremento do volume económico do contrato facilita a amortización de inversión nova en equipos, o que redundará na eficiencia enerxética e ambiental do servizo.

Respecto da viabilidade de articular licitacións conxuntas por diversas entidades suxeitas ao TRLCSP a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Generalitat de Catalunya, no seu Informe 12/2012, do 30 de novembro, así coma a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón, no seu informe 5/2014, de 3 de marzo, refrendaron a posibilidade de acudir a esta figura.

Ambos informes conclúen que a contratación conxunta non vulnera os principios de dereito comunitario aplicables á contratación pública nin as regras da libre competencia. De feito, a Directiva de contratación pública, aprobada polo Parlamento Europeo o 15 de xaneiro de 2014, insiste na técnica da compra conxunta, mediante centrais de compras ou mediante a posibilidade de que varios entes contratantes somen as súas necesidades e tramiten un único procedemento de licitación (artigos 37 e 38). A compra conxunta mediante cooperación non estaba prevista na Directiva 2004/18, aínda que esta técnica, que consiste na agregación de demandas, continúa no Libro Verde sobre a modernización da política de contratación pública da UE. *Cara a un mercado europeo da contratación pública máis eficiente* (COM (2011) 15 final), do 27 de xaneiro de 2011.

En concreto, no artigo 38, baixo a denominación «Contratación conxunta esporádica», a nova Directiva contempla a posibilidade de que dúas ou máis poderes adjudicadores poidan acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas, establecendo diferentes réximes de responsabilidade.

A responsabilidade será conxunta cando o procedemento desenvólvese na súa totalidade de forma conxunta en nome e por conta de todos os poderes adjudicadores interesados e cando un só poder adjudicador administre o procedemento. Ésta é a modalidade de contratación conxunta que se propón, xa que permite unha máis áxil tramitación do expediente de contratación e licitación.

Por último, e na medida na que o Dereito interno non artella un mecanismo específico de acordo da transferencia eventual das facultades de contratación a outra Administración Pública, debe aplicarse a regra xeral de delegación de competencias.

A tal fin, tanto o Concello de Begonte coma o de Castro de Rei, adoptaron os correspondentes acordos plenarios de delegación, no Concello de Outeiro de Rei, da tramitación e resolución do expediente de contratación e licitación conxunta do servizo de recollida de lixo nas seguintes condicións:

□□□A contratación conxunta deberá abranguer os termos municipais de Castro de Rei, Castro de Rei e Outeiro de Rei.

□□□A licitación efectuarse mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e regulación armonizada, establecendo múltiples criterios de adjudicación.

□□□Os pregos de condicións técnicas deberán abranguer os requisitos e condicións específicas que para este termo municipal se remitan a tal efecto dende cada Alcaldía.

Advertíndose a conveniencia de acudir a tal modalidade de contratación, elévase ao Pleno a seguinte proposta de resolución:

Aceptar a delegación acordada polos Concellos de Begonte e Castro de Rei para a tramitación e resolución do expediente de contratación e licitación conxunta do servizo de recollida de lixo, de xeito que abrangue os termos municipais de Begonte, Castro de Rei e Outeiro de Rei, segundo as condicións expresadas nos ditos acordos de delegación”.

Remanta a defensa afirmando que, coa contratación conxunta, se busca, ben unha baixada o prezo do servizo, ben unha mellora nas prestacións.

O voceiro do BNG anuncia que votará a favor, xa que estima que pode ser positivo, se ben espera que se de participación aos grupos políticos na tramitación do expediente.

A voceira do PSdG-PSOE votará a favor porque espera que o servizo sexa máis económico e se mellore a calidade, así como que o Alcalde presente un informe sobor a repercusión económica aos veciños.

O Alcalde informa que os pregos identificarán as necesidades e calidades mínimas do servizo para garantir que non se empeore.

A concelleira de FLI, dona Juana Romero, anuncia igualmente o voto a favor, considierando que pode ser positivo.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aceptación da delegación.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

5.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Tras breves intervencións sobor a conveniencia do tratamento das mocións presentadas polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 3858 e

3859, sométese a votación a declaración de urxencia das mocións presentadas polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 3858 e 3859.

A urxencia resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o voceiro do BNG inicia a defensa da moción presentada con número de rexistro de entrada 3858 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabler Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Reí, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte moción PARA QUE DENDE O GOBERNO MUNICIPAL, XUNTO CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS, ELABORE UN PLANO DE ACTUACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DOS RÍOS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os ríos existentes no concello de Outeiro son, sen lugar a dúbidas, un dos valores máis importantes dos que dispón, ademais de representar un vínculo moi importante entre eles e a poboación do concello, dado que estes marcaron a súa vida durante xeracións e, en moitos casos, foi a fonte de ingresos para multitude de familias. É por iso que estes ríos teñen unha vinculación moi especial e indisolúbel cos habitantes de Outeiro de Reí.

Tamén resulta unha realidade incuestionábel que o estado dos ríos que ten o concello de Outeiro de Reí é, cando menos, preocupante. Este mal estado existente abrangue tanto a calidade das augas e o estado das súas ribeiras como o mal estado dos distintos elementos patrimoniais que ao longo dos séculos se foron construíndo nestes ríos e nas súas ribeiras.

A explotación masiva e con pouco control das actividades agrarias e industriais ao carón destes ríos, sobre todo no alto Miño, as depuradoras municipais e industriais defectuosas e en desuso, os insecticidas, herbicidas e abonos masivos, as pragas nas árbores de ribeira e no propio río así como e> abandono durante décadas das construcións relacionadas coa explotación tradicional dos ríos condúcennos a unha situación extrema.

Tamén é algo incuestionábel a insensibilidade, descoñecemento e distanciamento que a Confederación Hidrográfica ten en todo o relacionado cos ríos e, sobre todo, no non entendemento da relación profunda e nos vínculos afectivos existentes entre estes e a poboación que leva xeración vivindo ao seu carón. Só deste xeito se pode entender algunha das medidas ou limitacións que a Confederación impón e leva a cabo.

En canto ao concello de Outeiro se refire, a situación non foi moi distinta ata o momento. Durante as últimas décadas asistiu impasibel a esta degradación sen tomar nin unha soa iniciativa real e efectiva encamiñada a reverter esta situación. Nin mediación, nin asesoramento nin traballo nin axudas de ningún tipo saíron dende o concello nos últimos anos; tan só medidas publicitarias de nulo valor real para a recuperación destes ríos.

Mentres tanto, podemos ver como outros concellos con bastante menos potencial natural e levando a cabo unha política completamente contraria baseada na recuperación da calidade das augas, das ribeiras e das construcións tradicionais como muíños, caneiros, curtidoiras, etc. fixeron do seu río o eixe central da economía do concello e ata da comarca.

O potencial que podería ter Outeiro de Rei neste sentido é enorme. Tan só falta a vontade política de afrontalo, de facer unha política diferente baseada na potenciación dos nosos recursos e non cingirse exclusivamente á cultura do formigón.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que o concello de Outeiro de Rei se dirixa á Confederación Hidrográfica para a elaboración dun plan de recuperación das augas, canles, ribeiras e construcións dos ríos existentes no concello.

2. Que o concello de Outeiro se dirixa ás demais administracións para que, xunto coa propia Confederación Hidrográfica, colaboren economicamente no financiamento deste plan de recuperación.

3. Que o concello de Outeiro de Rei, no seo dos acordos dos puntos anteriores, poña ademais a disposición desta labor todos os recursos económicos e materiais posibles dentro das súas posibilidades.

4. Que o concello de Outeiro de Rei elabore un estudo sobre todos os canleiros, muiños, lavadoiros e demais construcións existentes nestes ríos, avaliando o seu estado, a súa propiedade así como as estratexias de conservación.

5. Que o concello de Outeiro se comprometa a asesorar e xestionar ante a Confederación Hidrográfica todo o referente ás solicitudes das veciñas e veciños de Outeiro para realizar traballos de retirada de árbores secas ou tiradas así como para calquera outra labor de conservación nas ribeiras dos ríos do concello”.

Rematada a defensa da moción, toman a palabra a concelleira de FLI, dona Juana Romero, e do PSdG-PSOE, quen manifestan o seu acordo e apoio ao texto da moción.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que éste é un tema importante e que lle preocupa, pero que non pode aprobar a moción no actual teor literal, se ben poderían aprobala si se introducen modificacións.

Recorda que o concello dende fai tempo leva traballando neste sentido, tal coma a tramitación perante a Confederación dunha solicitude xenérica para que os veciños poidan xestionar as cortas árbores existentes nas ribeiras sen ter que tramitar de xeito individual unha solicitude ante ese organismo; ou os contactos perante a Confederación para a limpeza dos ríos, e que acadaron resultados se ben non limpan todo o que sería desexable.

Agora ben, a limpeza dos ríos non é de competencia municipal, motivo polo cal os recursos da facenda local non debe adicarse a estas tarefas, e se ben restan 400.000 euros de remanente de tesourería froito do aforro dos anos anteriores, éstos deben adicarse aos servizos locais. Outra cousa é que se segan a manter contactos coa administración competentes para que afonden nas tarefas de limpeza.

Polo que se refire ao estudo, éstos custan cartos que poderían adicarse a actuacións e, por outra banda, todos coñecemos máis ou menos cómo están. Por outra banda, tal vez sería máis importante limpar os ríos que arranxar os canleiros.

Ademais, para identificar actuacións non fai falla tal estudo, de feito, xa ten en mente algunha actuación, coma a reparación dun canleiro para conectar ambas beiras do río, pero eso esixiría obter financiamento así coma coñecer ao seu propietario e obter o seu permiso.

Recorda outras actuacións realizadas polo concello, coma as sendas peonís ao longo de todo o Río Miño, áreas recreativas, fomento do turismo vencellado aos ríos... etc. Por tal motivo, se ben pode estar de acordo con parte da moción, non pode estar de acordo coa súa totalidade.

Está de acordo que existe un potencial importante, pero insiste que non é competencia municipal e debe implicarse máis a Confederación Hidrográfica xa que o concello carece de capacidade para afrontar estas actuacións, xa que existen outros servizos básicos municipais que son prioritarios.

O voceiro do grupo municipal do BNG propón modificar o texto da moción para poder chegar a un acordo, e considera que a proposta de dirixirse a outras administracións para acadar financiamento para afrontar estas actuacións non compromete a capacidade do concello para prestar os servizos da súa competencia.

Propón a todos os grupos que o Alcalde, para o próximo pleno elabore unha declaración institucional que sexa aprobada por unanimidade de dirixirse á Confederación Hidrográfica sobor a problemática que estamos a tratar.

O Alcalde está disposto a redactala e consensuala previamente á elevación ao Pleno.

A continuación, o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xavier Molinos, inicia a defensa da moción con número de rexistro de entrada 3859 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte moción PARA QUE DENDE O GOBERNO MUNICIPAL SE ELABORE UN PLANO DE ACTUACIÓN PARA DOTAR AOS NÚCLEOS DO CONCELLO DE OUTEIRO DO SERVIZO DE SANEAMENTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes mesmos momentos a Xunta de Galicia está a levar a cabo unha campaña publicitaria, baixo o lema “RURALIZATE” encamiñada a que persoas do ámbito urbano se vaian vivir aos pobos rurais. Deixando aparte a efectividade que poidan ter este tipo de campañas, para o BNG resulta bastante evidente que por moitos carteis publicitarios que se poñan, por moita propaganda que se faga, se no ámbito rural se seguen a recortar os servizos básicos, tal e como leva facendo a Xunta dende hai varios anos, se se segue a levar a cabo unha política de demolicións dos sectores produtivos baseados nos nosos recursos ou se deixa que ardan os nosos pobos por aforrar uns euros ou por pura incompetencia, estas campañas serán mera propaganda sen ningún tipo de efecto práctico.

Así, parece moi claro que se non se ofertan servizos de calidade, as persoas non quedarán a vivir nas nosas aldeas ou, moito menos, virán dende a cidade vivir a elas. A existencia duns servizos óptimos para nenos e maiores, unha boa calidade de auga ou de recollida de lixo en todas as vivendas ou unhas infraestruturas viarias, enerxéticas e de telecomunicacións aceptábeis son elementos básicos á hora de que unha familia decida o establecemento da súa residencia nun concello rural.

Tamén resulta incuestionábel que a existencia ou non doutro servizo básico como é o saneamento dos núcleos de poboación é outra da pedras angulares nas que repousa a decisión de construír ou non unha vivenda ou de quedarse a vivir nela, segundo sexa o caso.

Neste aspecto, a realidade de Outeiro de Rei é moi clara: Practicamente o saneamento só existe nas zonas urbanas e nas urbanización, sendo este un servizo practicamente inexistente na maioría dos núcleos de poboación rural existentes no resto do concello.

A falta deste servizo prodúcese incluso naqueles lugares onde sería sinxelo a súa construción así como doado o seu mantemento. É sen lugar a dúbidas unha das materias pendentes que ten este concello.

Para o conxunta das veciñas e veciños, esta situación agravouse máis, se cabe, cando o Alcalde no seo deste mesmo Pleno, manifestou que non tiña pensado acometer absolutamente ningún metro máis de saneamento no que restaba de lexislatura, a pesares dos fortes incrementos de ingresos que se produciron nas arcas municipais, incremento debido tanto á subida "bestial" de impostas que acometeu o concello como polo incremento de financiación que se produciu por parte da Deputación.

Neste aspecto, tamén nos parecen graves as palabras vertidas polo Alcalde en pasados plenos, onde leva manifestado en repetidas ocasións que non se podía facer o saneamento nas parroquias debido ao seu alto custe, custe que as veciñas e veciños non poderían asumir. Unha vez máis parece que os impostas que pagamos todas e todos teñen outros usos que non son o de dotar duns servizos dignos á cidadanía.

Dende o BNG non estamos dispostos a resignarnos a esta situación. Ao igual que noutros concellos da contorna que si están a facer un esforzo por estender este vital servizo, eremos que en Outeiro tamén se tería que facer, máxime cando os ingresos do concello non fan máis que aumentar o resto de servizos seguen a minguar.

Tamén é certo que somos consciente que isto non se pode facer dun día para outro, nin tampouco acometer o saneamento do concello ao mesmo tempo. Pero o que si se pode facer é ter un estudo do que sería necesario facer, dos seus custes e das prioridades obxectivas á hora de temporizar a súa realización.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta moción, propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde a elaborar un estudo sobre o custe da construción e mantemento que tería unha rede de saneamento que incluíra todos os núcleos de poboación do concello de Outeiro de Rei.

2. O Pleno de Outeiro de Rei insta ao goberno municipal para que, segundo o estudo anterior, elabore un plano plurianual para que de forma continua e gradual se vaia acometendo a construción desta rede de saneamento usando para a súa priorización parámetros totalmente obxectivos".

A voceira de FLI manifesta estar totalmente de acordo co contido da moción, xa que se trata de un servizo básico, e máxime cando existe un remanente de 400.000 euros que poderían adicarse a este fin.

A voceira do PSdG-PSOE, afirma estar de acordo coa moción.

O voceiro do PP lamenta que se utilice a moción para facer crítica ao goberno da Xunta de Galicia polos recortes da crise económica, e califica que irresponsable que, precisamente aqueles que levaron ao país ao desastre económico con políticas calamitosas, agora pretendan gastar o que non hai.

As restricións orzamentarias que agora critican son a consecuencia lóxica da crise á que empuxaron as políticas de esquerdas, políticas que acabaron co tecido produtivo e, tras iso, unha importantísima redución da capacidade recadatoria coa que financiar os servizos públicos. De ahí a necesidade de unha xestión equilibrada dos gastos.

E a pesar de esta profunda crise económica á que nos levaron as políticas de esquerdas, fumos quen de manter uns bos servizos públicos. E ningún dos que están na oposición serán capaces de gañar ao equipo de goberno na defensa do rural, empezando porque xa non coñecen o mundo rural coma o coñecen os concelleiros do grupo municipal do PP, o que é lóxico xa que nunca viviron do rural.

Por outra banda, ao que apelan na moción en Outeiro de Rei xa se está a conseguir, xa que é un concello rural ao que ven a vivir a xente.

Levar o saneamento a tódalas parroquias será moi difícil salvo que cambie moito o financiamento municipal, e máis difícil será mantelo debido a dispersión da poboación. É certo que hai sitios onde fan un saneamento máis extenso, pero logo fan minidepuradoras ou outros apaños que logo non funcionan debidamente e, finalmente, o que fan é concentrar a contaminación en certos puntos.

Aquí faise unha depuradora principal, así coma un colector que vai dende o límite con Lugo ate casi o límite con Rábade, chega ao polígono industrial e cruza as zoas máis poboadas, e cando as previsións económicas o permitan, seguirase a ampliar na rede de saneamento. Pero isto non significa que esté de acordo con facer un plan, xa que levar o saneamento a todas as parroquias tería un custe aproximado de un millón de euros por parroquia, e que nin a curto nin medio prazo pode executarse.

E se é custosísimo facer a rede, sería igual de custoso mantela, xa que deberían construírse moitas depuradoras intermedias ou plantas de elevación debido as condicións orográficas do termo municipal.

Polo tanto, non están de acordo con facer o estudio para lévalo a todo o termo municipal, pero sí que están de acordo, e de feito así o están facendo, en ampliar o saneamento a zoas moi poboadas para que poidan seguir crescendo, pero non pode prometer servizos que non poderá cumprir a curto ou medio prazo.

O concelleiro do BNG, don Xavier Molinos considera que o Alcalde acaba de repetir o relato liberal fundamentalista da crise económica, segundo o cal a crise foi provocado por un exceso de gasto. Detrás de esta interpretación falsa e simplista se obvia que segundo a teoría económica Keynesiana, teoría que foi dominante durante máis de corenta anos, nos contextos de crise debe expandirse o gasto público como medida contracíclica, xa que, en ausencia de consumo privado, debe ser o Estado quen tire do consumo para evitar un círculo vicioso de caída da actividade económica.

Esta teoría estivo vixente até os anos oitenta, cando Reagan e sucesores implantaron unha teoría económica ultraliberal posteriormente asumida por Aznar nunha reforma fiscal que favorecía aos máis ricos en perxuízo dos máis pobres. Lamentablemente esta política foi continuada por Zapatero co fin que todos coñecemos.

O feito de que o Alcalde leve máis de vinte anos como tal e durante todo ese tempo non haxa sido capaz de tecer unha rede de saneamento maior é proba da súa mala xestión. E recorda que o que lle interesa aos veciños é aquilo relativo a súa vida cotiá, coma os accesos viarios, a recollida de lixo, abastecemento de auga de calidade ou o saneamento, e o que ten o equipo de goberno é levar, dun xeito gradual, os servizos aos núcleos.

A austeridade debe servir para facer máis con menos, optimizar os recursos. Aquí expúxose que temos un millón de remanente, agora menos. Empréguese ditos cartos para prestar servizos de calidade.

É consciente que é moi custoso, pero terá que buscar financiamento de outras Administracións, e recórdalle que, tanto a Unión Europea, coma a Xunta adican cartos a estos fins. Mesmo poden buscar o cofinanciamento na Deputación Provincial, xa que ten coma finalidade prestar asistencia económica aos concellos, ou mesmo ao desgobierno de España.

Conclúe que non hai un proxecto de futuro para o concello, e esta moción pretende plantexar un no eido do saneamento.

O voceiro do PP afirma que este concello ten tanto futuro como o que máis, e recórdalle que non vai a prometer aos veciños aquilo que non se pode executar. E insiste que, con carácter xeral, a curto e medio prazo non se pode levar o saneamento a todas as parroquias.

E o PP fixo moito máis con menos, e sorpréndese que o concelleiro do BNG afirma que Zapatero fose continuista das políticas fiscais de Aznar e, nembargantes, o BNG apoiara a Zapatero.

Conclúe que non pode prometer o que non se pode facer, motivo polo que anuncia que non pode apoiar a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, FLI e PSdG-PSOE.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Iníciase o punto da orde do día mediante a lectura polo Secretario, en viva voz, do seguinte rogo presentado con número de rexistro de entrada 3872:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte rogo, dirixido á Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Comezado o curso escolar 2017/2018 no BNG volvemos recibir queixas de que algunhas das marquesiñas destinadas a protexer do sol e das inclemencias do tempo aos usuari@s do transporte escolar están sucias, con moito lixo no seu interior.

Ante esta falta de hixiene son os pais e nais que levan aos seus fill@s a elas, maioritariamente, pero tamén outros usuarios ocasionais os que se ven abrigados a limpalas.

De ahí que, ante a preocupación destes veciños de Outeiro de Rei, dende o Grupo Municipal do BNG transmitamos á Alcaldía o seguinte ROGO:

Para que desde a Alcaldía se fagan as accións necesarias para manter limpas e en perfecto estado as marquesiñas das paradas de autobús existentes no concello.

O Alcalde afirma que se instalan marquesiñas alí onde se necesitan, e que, en ocasións, poden quedar marquesiñas en desuso porque nese punto xa non hai nenos e esas marquesiñas poden estar en peores condicións.

Xeralmente procúrase que estén accesibles e sen maleza. Na limpeza necesítase a colaboración dos cidadáns, xa que sin ela é difícil mantelas permanentemente limpas.

A continuación dase lectura ao escrito de preguntas presentado con número de rexistro de entrada 3873 e do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta por parte da Alcaldía”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión ordinaria de 28 de setembro de 2015 o noso grupo municipal presentamos un rogo para que desde a Alcaldía se fixeran as accións necesarias para a recuperación dunha antiga cruz de cantería que existía nunha parede dun camiño no barrio de Maúufe e que se volvea colocar totalmente reparada no lugar onde xa levaba exposta desde hai xa moitos anos e do que nunca debeu saír.

Como dita cruz seguía sen aparecer, ou polo menos sen ser exposta no seu lugar orixinal, no pleno do 29 de outubro de 2015 preguntamos, de novo por ela. A resposta do señor Alcalde foi que estaban facendo pescudas. Esta pregunta repetiuse en abril de 2017, volvendo a recibir a mesma resposta.

Como despois de pasados dous anos, despois de dirixirle ao Alcalde un rogo e dúas preguntas, a cruz segue sen aparecer e, polo que se ve tampouco se espera que dende o concello se faga moito para que volva ao seu sitio, por última vez antes de tomar outras medidas, o grupo municipal do BNG fai a seguinte PREGUNTA:

Pode concretar o Sr. Alcalde que actuacións ou cales foron as accións realizadas e os resultados obtidos así como cando se espera que a cruz volva a estar colocada no seu sitio?”.

O Alcalde resposta que espera que no próximo trimestre acade unha resposta clara, xa que a día de hoxe non pode responder.

O Secreario da lectura ao escrito de preguntas presentado con número de rexistro de entrada 3874 e do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na sesión ordinaria de 13 de xullo de 2017, o grupo municipal do BNG presentou un rogo para que desde a Alcaldía se fixeran as accións necesarias para a elaboración pormenorizada dun catálogo das árbores senlleiras existentes no concello, para que dese xeito se poidan conservar e pór en valor.

Despois da última vaga de incendios que padeceu o país, facemos a seguinte pregunta:

Pode concretar o Sr. Alcalde que actuacións foron realizadas neste período de tempo para a realización de dito catálogo?”.

O Alcalde resposta que ningunha árbore senlleira foi afectado polo lume até o momento, se ben pide a colaboración dos cidadáns para que esto siga así, e insiste na necesidade da concienciación cidadá para poñer fin a lacra dos lumes forestais.

Coñece varias árbores senlleiras no termo municipal se ben invita a todo o mundo a que diga onde pode haber algún, e fin de poder poñer en valor estos recursos naturais.

O concelleiro do BNG entrega neste intre ao sr. Alcalde unha relación de 26 árbores senlleiras, 11 delas identificadas con coordenadas xeográficas, a fin de que estude a súa inclusión no catálogo.

O Alcalde afirma que coñecía boa parte delas, e agradece a aportación.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión sendo as quince horas e vinte minutos, da que eu, Secretario, levanto a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde